

## **ORDENANZA T28**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VERTEDOIRO DE DERRUBOS DA CONSTRUCCIÓN. RIBADEO.**

#### Artigo 1: Fundamento e natureza

Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.4.s) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 19 do referido texto legal, o Concello de Ribadeo, establece a taxa pola prestación do servizo de vertedoiro de derrubos da construción, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

#### Artigo 2: Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de vertedoiro de derrubos da construción. A tal efecto considéranse residuos procedentes do derrubo de construcións os procedentes do derrubo de edificios, calquera que fose o uso a que estivese destinada, peches de fincas e en xeral calquera procedente da execución de obras de derrubo, nova construción, rehabilitación, gran reparación, execución e entretenemento de obras públicas, e outros que, sen proceder especificamente de tal orixe, teñan a consideración de residuos inertes. A cualificación como residuo inerte é competencia da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Están excluídos da consideración de residuos procedentes de derrubos os seguintes:

- as terras procedentes de movementos das mesmas
- os procedentes de pequenas reparacións domiciliarias, xa que son considerados residuos sólidos urbanos segundo o artigo 4.1.e) da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia
- todos aqueles que así o determine a Administración Ambiental competente

#### Artigo 3: Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que usen os servizos do vertedoiro municipal.

#### Artigo 4: Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias tódalas persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren na súa comisión.
2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
3. Responderán subsidiariamente, nos supostos e no alcance que determina o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral.
4. A responsabilidade esixirase, en todo caso, nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 5: Cota tributaria

1. A cota tributaria virá determinada por aplicación dos seguintes custos:

- a) Custo de inversión (CI): determinado en función da vida útil do vertedoiro e co fin de recupera-lo 80 por 100 dos custos de establecemento. Neste custo inclúiranse os gastos de selado
- b) Custo de explotación (CE): determinado polos gastos de explotación do vertedoiro.  
A cota tributaria (CT) virá determinada pola seguinte suma:  
CT= CI+CE
2. Para a determinación cuantitativa da taxa tense en conta a anualización do retorno por amortizacións, ó fin de facilita-la integración dos custos polos usuarios e polo propio sector da construción, impútanse uns custos constantes de selado e anualízanse tamén os custos de explotación, atendendo a tales criterios establécense as seguintes cotas anuais:
- Habitantes comarca Ribadeo: 25.000  
 Produción estimada (kg/hab/ano): 200  
 Produción de residuos (kg/ano): 5.000.000  
 Densidade media de residuos: 0,9  
 Volume anual a depositar (Tm): 2.768,40  
 Volume neto do vertedoiro (Tm): 96.894  
 Anos de vida útil: 3  
 Inversión realizada na creación do vertedoiro: 287.184,72 euros  
 Candidade a recuperar para Fondo (94% da inversión): 270.774,24 euros  
 Custo do selado: 192.343,21 euros.

Ano de explotación	Total taxa de vertido
1	12,34 €
2	13,14 €
3	13,94 €
4	14,55 €
5 e seguintes	15,51 €

3. Para os vertidos realizados por particulares ata 100 kilogramos establécense unha taxa proporcional de 1,55€.

#### Artigo 6: Beneficios fiscais

- a) Exencións. Non se establece ningunha exención  
 b) Bonificacións. Non se recoñecen

#### Artigo 7: Devengo e obriga de pagamento.

As taxas devénganse e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se use o servizo de vertedoiro.

Nos supostos de xestión indirecta do servizo, a taxa liquidarase polo concesionario, expedíndose o correspondente recibo-liquidación no que se desglosarán os seguintes conceptos:

- custo de explotación
- custo de selado
- custo de inversión

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de vertedoiro de derrubos da construción, aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 8 de agosto do 2002, entrará en vigor e será de aplicación a apartir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e estará en vigor ata a súa modificación ou derogación.

DILIXENCIA: O artigo 5 foi modificado no seu apartado 2 por acordo plenario de 11 de novembro de 2002 e publicado definitivamente no BOP de 10 de xaneiro de 2003.

DILIXENCIA: o artigo 5 foi modificado por acordo plenario de 15 de novembro de 2010 e publicado definitivamente no BOP 24 de 31 de xaneiro de 2011

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011